

BOLETÍN DE NOVAS ADQUISICIÓNS DE INFANTIL E XUVENIL



FERROL
BIBLIOTECA MUNICIPAL

Xuño - Xullo

2021

BRANCO (0-2 ANOS)



832 ARR don

¿Dónde está el señor Astronauta? / ilustraciones, Ingela P. Arrhenius
Barcelona : Timunmas, 2020

Descubre neste libro aos personaxes do espazo : o astronauta, a enxeñeira, o can espacial e o extraterrestre.

Astronautas ; Libros con sorpresa



832 CAN qui

¿Quién se ha comido mi pastel? / Canizales
[Madrid] : NubeOcho, 2020

Gato quere merendar, pero que pasou cos seus pasteis?

**Cumpreanos ; Amizade ; Gatos ;
Animais humanizados ; O mundo que me rodea**

AZUL (3-6 ANOS)




Dez gatiñas viaxeiras / [texto] Eva Mejuto ; [ilustracións] Víctor Rivas
Vigo : Xerais, 2019

Dez gatiñas curiosas, rebuldeiras, intrépidas, van coas súas mochilas percorrendo toda Galicia. Ata onde as levará a súa viaxe?

81 MEJ dez

Gatos ; Viaxes ; Poesías infantís ; Libros con música



¿Feos y feas? / Gusti ; Lola Casas
[Barcelona] : Carambuco, 2020

Escóitase por todas partes o devandito do sabio Facundo : de feos e feas está cheo o noso tolo mundo! Con ganas de divertirnos, entrade neste libro, entrade e dunha chea de caras guasonas e atrevidas gozade. Este libro convida a reflexión, feos e feas ou simplemente naturais?

81 GUS feo

Beleza ; Tolerancia ; Imaxe do corpo ; Libros con música



Paloma / [Jacques Maes, Lise Braekers]
Buenos Aires : Pípala, 2019

Un neno recibe unha Pomba como agasallo. Esta Pomba e el crecerán xuntos, e participarán de miles de competencias : ela sempre regresa. El quererá vela cumprir o desafío máximo e enviaraa á Lúa para observala regresar. O tempo pasa e pasa, o home a espera e na espera vólvese ancián... e a pomba sempre regresa.

833 JAC pal

Sonos ; Pombas ; Amizade ; Contos para contar



Las ranas saben cantar / Pedro Villar Sánchez ; Tesa González
[Almería] : Libre Albedrío, 2020

Unha proposta chea de cor, diversión e ritmo. O texto rimado de estrutura acumulativa facilita a lectura dunha forma lúdica. Que empece a festa! Que cante a ra!

81 VIL ran

**Animais ; Ras ; Poesías infantís ;
Poesía, rimas e cancións**



¡Deprisa, deprisa! / texto e ilustraciones de Clotilde Perrin
Barcelona : Juventud, 2020

Esta é a historia dun neno que empeza o día cunha carreira frenética cos seus amigos para tentar coller un avión ultrasónico, embarcándose antes nunha lancha, subindo ao autobús, sen ter nin un instante para perder o tempo.

833 PER van

**Tempo ; Paciencia ; Emocións e sentimentos ;
Contos para contar**



La bufanda roja / Nicolás Schuff ; Mariana Ruiz Johnson
Alagón, Zaragoza : Apila, 2019

Félix perdeu a súa querida bufanda no parque. Era longa e vermella. Onde estará? Quen a levaría? "La bufanda roja" é un álbum para comprender que todo cambia pero nada se perde, e que aquilo que teceu o amor segue a continuar connosco, aínda que ás veces se afaste para regresar transformado.

834 BRO abr

Crocodilos ; Patos ; Contos para contar




834 ZOS gua

El guardián de la luna / texto e ilustraciones, Zosienka ; [traducción al castellano de Diego de los Santos]
Barcelona : Juventud, 2020

Emil ten unha nova responsabilidade como gardián da Lúa. Velar pola Lúa e que a súa luz chegue a todos os animais nocturnos. Mais, que acontece cando a Lúa empeza a minguar pouco a pouco ata desaparecer?

Lúa ; Animais humanizados ; Osos ; Hora de durmir ; Contos para contar



65 SCA gra

Todo sobre ruedas / Richard Scarry ; [traducción Lluç Millat]
68 p. : principalmente il. cor ; 31 cm

A familia Cerdínez vai realizar un picnic, pero a estrada está repleta de vehículos de todo tipo! A que esperas? Empeza a pedalear e viaxa con eles para vivir increíbles aventuras.

Vehículos ; Animais ; O mundo que me rodea



81 CAB bos

El bosque / Mariona Cabassa
Madrid : Anaya, 2019

Quen ten os pés no chan e a súa cabeza baila co vento? A quen lle encanta correr e brincar? Quen camiña moi lento? A modo, le as pistas, pensa e adiviña! Con que che podes atopar nun bosque?

Bosques ; Adiviñas visuais ; Libros con música



81 CAR vde

V de bestiario / Ramón Caride ; Lois G. Magariños Ferrol : Embora, 2020

Xugrelos, Lamproa, Moicego, Vacallau, Calamor, Boliflor, Sapato, Sandía e Sannoite e outros bicharracos e / ou bichocos tanto ou máis curiosos en rigurosa desorde analfabáltica!

Animais fantásticos ; Poesía, rimas e cancións



81 PIN seb

Se busca culpable / Fran Pintadera ; Christian Inaraja [Almería] : Libre Albedrío, 2020

Hai un pelo na sopa! E o señor Ponte quere dar co culpable. Será a camarera? Será o cociñeiro? Unha historia cómica que se ri das culpas.

Culpabilidade ; Libros con música



834 GUS est

¡Esta caca es mía! / Escrito e ilustrado por Gusti [Madrid] : NubeOcho, 2020

A mosca Lola atopa unha gran caca, púsase encima e declara que esa caca é súa! Pero a mosca Fiona tamén proclama que esa caca perténcelle! As dúas moscas discuten e dan comezo a unha gran danza de guerra. Quen quedará coa succulenta caca?

Amizade ; Animais humanizados ; Moscas ; Contos para contar



832 PIR peq

Pequeño manual de la amabilidad / Francesca Pirrone ;
[traducción, Alvar Zaid]
[Barcelona] : Thule, 2020

É fácil ser amable. Basta con dar as grazas. Regalar un sorriso. Ofrecer axuda. Cando es amable, os demais tamén o son. A amabilidade é unha calidade preciosa que todos posuímos. Pódese practicar en calquera lugar e con calquera persoa, non require compromiso, estudo ou sacrificio.

**Educación en valores ; Amizade; Conduta humana ;
O mundo que me rodea**



833 AND vam

Un vampiro peligroso / José Carlos Andrés ; Gómez
[Madrid] : NubeOcho, 2020

Unha noite, na afastada Transilvania, unha nena camiña pola rúa cando, de súpeto... un vampiro!
Este vampirito non consegue dar un susto a ninguén. A este paso non poderá superar o exame da escola de vampiros.

**Medos infantís ; Vampiros ; Amizade ;
Contos para contar**




834 ISE pon

Ponte en mi lugar / Susanna Isern ; Mylène Rigaudie
[Madrid] : NubeOcho, 2020

Chegara a primavera, facía un día precioso e Grilo saíu a pasear. Despois do longo inverno tiña moitas ganas de ver aos seus amigos. Polo camiño atopouse con Mariquita que buscaba un dos seus lunares que se lle extraviou ; con Abella que tiña un fío enredado na súa á e non pode usala ; con Araña que fabricaba seda porque non tiña ; e con Ciempiés cosendo zapatos, para saír a pasear. Pero a Grilo ningunha das cousas que facían os seus amigos parecíanlle importantes.

**Animais humanizados ; Emocións e sentimentos ;
Traballo en equipo ; Empatía ; Contos para contar**



831 SER for

Formas diferentes de hacer las mismas cosas / Nicolás Schuff ; Mariana Ruiz Johnson
[Sevilla] : Tres tigres tristes, 2020

Cantas formas de tirarse á auga crees que hai? E de aburrirse? Viaxaches á lúa en barca? É posible atopar un tesouro nun caixón ou nun peto? E entre as páxinas dun libro?

Imaxinación - Libros de imaxes ; Diversidade ; Libros para ver

VERMELLO (7-8 ANOS)




81 ROM zoo

Zooológico / Raúl Romero ; Ramón París
Barcelona : Ekaré, 2019

Un libro de adiviñas que retratan os singulares animais con nomes sorprendentes e disparatados. Convídache a crear novas palabras e o teu propio zooológico con moitas especies máis. Atrévésche?

**Xogos de palabras ; Animais ;
Poesía, rimas e cancións**



833 KAS tea

Tea y camaleon son hermanos / Koichiro Kashima
[ilustración e idea original] ; María José Ferrada [texto]
[Barcelona] : A buen paso, D. L. 2019

Tea e Camaleón son irmáns. Que sexan irmáns é unha sorte porque no seu mundo, luminoso e doce como unha pinga de mel, cada día ocorre unha nova aventura : viaxes na Gran Nube do Té, días de pesca, concertos no Lago DO RE MI

Imaxinación ; Contos



833 VID Ilu

¿Llueves o haces sol? / texto, Mireia Vidal ; ilustraciones, Anna Font
[Barcelona] : Akiara, 2019

Mira encima de ti. Que fai? Chove ou fai sol? Mira dentro de ti. Que feixes? Choves ou fas sol? Agora mira este conto e nel verás como todo o que facemos ten consecuencias para os demais.

Emocións e sentimentos ; Choiva ; Sol ; Contos



834 COL bel

La belleza del final / Alfredo Colella, texto ; Jorge González, ilustración ; traducción, Héctor Gómez Navarro [Barcelona] : A buen paso, 2020

Un amor, unha amizade, unha vida. É difícil aceptar que as cousas se acaban. E explicar que se terminan é aínda máis difícil. Este pequeno libro, a paso lento de tartaruga, dilles aos nenos e lembra aos adultos que tamén hai beleza ao final.

Vida ; Morte ; Tartarugas ; Emocións e sentimentos ; Contos



834 FAN pro

El proyecto Barnabus / The Fan Brothers ; [traducción : Alejandro Tovar] Zaragoza : Edelvives, 2020

Metade rato, metade elefante, Barnabus vive confinado nun laboratorio secreto xunto a outras criaturas extraordinarias. Un día descobre que é «proxecto errado» e que a súa vida corre perigo. Terá que tomar unha arriscada determinación se quere descubrir ata onde pode levalo a liberdade.

Busca da propia identidade ; Traxo en equipo ; Amizade ; Contos



834 SER ret

El reto / Pilar Serrano Burgos ; David Sierra Listón Almería : Libre Albedrío, 2019

Mapache ten ciumes de Ardilla. Ela é unha estupenda acróbata e todos os animais dos bosque a admiran, pero Mapache está convencido de que só e cuestión de sorte. Para amosar a todos que leva razón proponlle un reto. Que acontecerá cando ambos poñan a proba o seu talento?

Celos ; Autoestima ; Superación ; Contos



85 PIN est

O estrambótico Principiño / Pinto & Chinto ;
[ilustracións, David Pintor]
A Coruña : Bululú, 2018

Hai uns meses o transbordador espacial Ganímedes XIV regresou á terra tras unha viaxe de máis de tres anos. Os seus tripulantes relataron que chegaron a un planeta minúsculo, cun pequeno volcán e unha rosa. Nel vivía un rei ancián. O rei ancián dixo aos cosmonautas que facía moitos anos, cando era neno, non era o Rey, senón o Principiño. E en proba da súa boa voluntas de anfitrión regalou a cada un deles un libro que narra a historia de cando era neno. Tratábase dun historia un pouco diferente á que eles coñecían.

**Principiño, O (Personaxe de ficción) ;
Relación neno-adulto ; Viaxes espaciais ; Fantasía ;
Clásicos e populares**



834 REI rap

O raposo aviador que voa sen motor / Antonio
Reigosa ; ilustracións de Laura Cortés
Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 2019

Este libro conta a historia de Paquiño, o primeiro raposo que se fixo aviador e que foi, probablemente, o mellor de todos cantos houbo e haberá entre os que saben voar sen avión e sen motor.

**Animales humanizados ; Avións ;
Contos de animais**



833 COV did (1)

Didi Keidy tiene un secreto / texto Wanda Coven ; ilustraciones, Priscilla Burris ; [traducción, Begoña Oro Pradera]
Madrid : Bruño, 2016

A Didi Keidy encántalle o xeado de menta con chocolate, ten un irmán pequeno e non lle gusta moito ir ao colexio. Didi é como calquera outra nena. . . se non fose porque ten un secreto. Un secreto moi gordo!

Escolas ; Amizade ; Segredos ; Contos




81 BLA ofi

Oficios e profesions poemas son / Concha Blanco ; Ilustracións de María Brenn
Ferrol : Embora, 2020

Canteiros, oleiros, afiadores, menciñeiros, . . . enchen as páxinas deste libro que trata de achegar aos lectores máis pequenos o mundo dos oficios a través da poesía.

Profesións ; Poesía, rimas e cancións



831 DIA sen

El sendero / Mariano Díaz Prieto
[S. l.] : Adriana Hidalgo Editora, 2020

Unha viaxe iniciático no que se abandona o fogar de orixe para descubrir un novo universo. Atravesando medos e pantasma, seguindo a un guía moi especial, sortéanse as probas má s difí ciles, ata atoparse cun mesmo.

Viaxes iniciáticas ; Contos



81 GUE rim

Rimaletas : para os que len, e tamén, para os que están a aprender / [texto] Mar Guerra ; [ilustracións] Blanca Millán
Vigo : Galaxia, 2020

As letras aprendémolas e elas apréndennos cousas a nós. E rimaletando van viaxando polo noso corazón divertido. Velaquí o abecedario máis simpático que poidas imaxinar.

Abecedarios ; Poesía, rimas e cancións



59 HAU via

Viajeros extraordinarios ; Roque / Gastón Hauviller
[Sevilla] : Tres Tigres Tristes, 2019

Dobre título, dobre cuberta (dianteira e traseira) e dobre sentido de lectura. Por unha banda Viaxeiros extraordinarios, que repasa especies de animais que realizan viaxes extraordinarias, ben pola súa complexidade, ben pola distancia que percorren. Doutra banda Roque que, ao contrario aos da súa especie caracterizada porque non son migrantes, decide ir contracorrente e tomar a iniciativa para viaxar e coñecer mundo.

Animais - Libros informativos



86 ARD mun

El mundo del Valle de los Mumin / texto de Philip Ardagh ; prólogo de Frank Cottrell-Boyce ; documentación, Amanda Li
[Zaragoza] : Edelvives, D. L. 2020

Coñece o mundo máxico dos famosísimos personaxes da literatura infantil finlandesa, os Mumin, uns troles brancos e narigudos, tenros e divertidos, que gozan de todo tipo de aventuras cos seus amigos

Mundos fantásticos ; Contos



Un sueño hecho realidad / Olivier Tallec
Alzira : Algar, 2019

"Estou moi contento. Facía tempo que quería un cachorro e por fin conseguino. Pero o meu novo amigo ten costumes moi estraños : non lle gusta o penso, négase a durmir na

834 TAL sue

caseta e, encima, ocupa demasiado espazo no sofá! Pero quero moito, así que terei que afacerme ás súas teimas. . . "

**Animais humanizados ; Amizade ;
Relación neno-animal ; Contos**

Cuenta conmigo / Miguel Tanco
[Almería] : Libre Albedrio, 2019

Todos temos unha paixón. Para algúns é a música, para outros a pintura, pero para a nena protagonista da nosa historia son. . . as matemáticas! E é que as matemáticas están en todas partes. Ás veces están agochadas, e a ela encántalle atopalas.



**Matemáticas ; Diversidade; Busca da propia
identidade ; Contos**

833 TAN cue

VERDE (9-11)



1 TEC que

¿Qué puedo esperar? : el libro de las preguntas /
Britta Teckentrup ; [traductor, Helena Munín]
Barcelona : Libros del Zorro Rojo, 2020

Como verei o mundo cando sexa grande? Podería chegar a tocar as estrelas? Por que teño medo ao descoñecido? Pódese pensar en nada?

Busca da propia identidade ; Imaxinación ; Emocións e sentimentos ; Valores (Filosofía)



39 FLO vue

El vuelo de las brujas / María José Floriano ; Ana Varela
Almería : Libre Albedrío, 2020
61 p. : principalmente il. cor ; 28 cm

Neste catálogo coñecerás ás bruxas máis increíbles. Algunhas moi famosas e outras das que ninguén oíría falar. ata o de agora. Descubrirás as formas máis habituais de voo destas poderosas mulleres, as súas historias, feitizos e algúns dos seus segredos mellor gardados.

Bruxas



398 FRA ani

Os animais de Fraguas / Antonio Fraguas ; Ilustrado por Miguelanxo Prado
Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego :
Fundación Antonio Fraguas Fraguas, 2020

Neste libro descubrirás a extraordinaria importancia da presenza e das crenzas sobre os animais na cultura tradicional galega

**Animales Folklore Galicia; Debuxos de animais ;
Animais - Aspectos simbólicos**



81 GRA enp

En peligro de extinción / Nono Granero

Barcelona : Ekaré, 2020

Esta historia rimada mostra como as accións dos seres humanos fai que moitos animais desaparecesen ou estean en perigo de extinción, a natureza está a deteriorarse e a vida é cada vez máis insalubre para todos os seres vivos.

Animais en vías de extinción ; Medio ambiente - Protección ; Poesía, rimas e cancións



82 SAN noe

Noé e Gato fan teatro / Gloria Sánchez ; ilustracións de Uxía Pin

Santiago de Compostela : Oqueleo, 2019

Por unha fenda do tempo, Noé irrompe nas nosas augas coa súa arca chea de animalíños. Pero as circunstancias de hoxe en día vanlle causar máis inconvenientes ca o propio diluvio. E, despois desta, outra historia : a do gato dunha casa na que vive un neno moi fedello e rebuldeiro.

Gatos ; Ecoloxía ; Empatía ; Igualdade ; Teatro



843 DAN nos (1)

¡Cambio de instituto! / Martina D'Antiochia ; ilustracións Cristina Triana

Barcelona : Montena, 2020

A pija e a choni : dúas inimigas radicalmente opostas cun problema en común : compartir instituto! ¿Sobrevivirán?

Institutos ; Adolescentes ; Aventuras



La isla de las Mascotas / [texto, Pedro Mañas ; ilustraciones, David Sierra Listón]
[Barcelona] : Debate, 2021

Achégase os aniversarios de Madame Prune! Por desgraza, a Anna e aos demais bruxos acábaselles o tempo para pensar nun bo agasallo. É entón cando a cuadrilla descobre que a mestra perdeu á súa mascota máxica cando era unha nena. Seguro que nada lle faría máis ilusión que recuperala, pero. . . onde se esconde?

844 MAÑ ann (5)

Aniversarios ; Maxia ; Bruxas ; Contos



Mi abuelo tenía un hotel / Daniel Nesquens ; ilustraciones de Bea Enríquez
Madrid : Anaya, 2020

Nun hotel adoitan suceder cousas de todo tipo. Pero o hotel Eloísa, ademais, ten un magnetismo especial para atraer a hóspedes moi singulares : homes, mulleres, nenos, nenas irán aloxándose neste sorprendente lugar. Desde un home disfrazado de salchicha a un distinguido cabaleiro disposto a alugar todas as habitacións, unha para cada noite. O hotel do avó ten unha clientela tan peculiar que nel danse as situacións máis estrambóticas.

845 NES mia

Hoteis ; Humor ; Aventuras



87 BAY ada

Ada Lovelace : la encantadora de números / [Jordi Bayarri, guión y dibujos ; Dani Seijas, color ; Tayra MC Lanuza Navarro, documentación y supervisión histórico-científica]


Ada sempre foi unha nena curiosa que xa de pequena inventaba máquinas para voar. O seu interese polas matemáticas creceu con ela e escribiu unha fórmula matemática que muhos consideran o primeiro programa informático da historia.

Lovelace, Ada King, Countess of (1815-1852) Biografías; Cómic

La hija de Vercingétorix / texto de Jean-Yves Ferri ;
dibujos de Didier Conrad ; color, Thierry Mébarki ;
[traducción, Isabel Soto, Xavier Seníny Alejandro Tobar]
Madrid : Salvat, 2019

Adrenalina, a filla do famoso xefe galo Vercingétorix, chega á aldea que tan ben coñecemos para provocar unha chea de aventuras ás que, loxicamente, Astérix e Obélix veranse arrastrados.

Astérix (Personaxe de ficción) ; Cómics



87 GOS ast



613.88 MOU vos

¡Yo sé de verdad cómo se hacen los bebés! / Monsieur Mouch y Maria-Paz

Barcelona : Takatuka, 2020

Emma, de nove anos, chega correndo cun caderno na man, moi contenta e gritando : Julio, Julio! Téñocho que contar! A miña mamá explicoumo todo, e agora xa sei, de verdade, como se fan os bebés.

Educación sexual - Libros infantis ; Nacemento - Libros informativos



39 SQU lib

El libro de los saludos / [texto] Arianna Squilloni ;

[ilustraciones] Olga Capdevila

Barcelona : A buen paso, D. L. 2020

O libro dos saúdos propón un percorrido pola historia, usos e costumes das formas de saúdo entre a xente. Goza desta viaxe sorprendente e erudito pola historia cultural da humanidade, unha viaxe fascinante que nos convida a lembrar que non somos individuos illados, senón que pertencemos á mesma gran familia. E que as pequenas interaccións cotiás entre as persoas son aquilo que nos fai realmente humanos.

Diversidade cultural - Libros infantís ; Usos e costumes - Libros informativos



Nana para un soldado / Pepablo Patinho Peña ; [das ilustracións : Nuria Díaz]
Ferrol : Embora, 2020

Dous soldados inimigos coinciden na fronte. A pesar das súas diferenzas terán que poñerse de acordo ante un feito absolutamente imprevisto : o nacemento dun neno. C Unha reflexión que transmite ao nenos o absurdo das guerras e o necesario que é escoitarse, entenderse, respectarse.

82 PAT nan

Guerra ; Humor ; Teatro



A ponte que non tiña río / Paco Martín ; ilustracións, Xosé Cobas
Vigo : Galaxia, 2020

Neste libro que tes nas maos cóntase unha historia na que interveñen nenas, nenos, homes, mulleres e tamén algúns animais, algúns vexetais, unha ponte pequena de pedra e mesmo un regato de auga algo secreto. . .

841 MAR pon

Natureza ; Contos




Niñas que imaginaron lo imposible (y lo consiguieron) / Tony Amago ; [ilustraciones] Nuria Rodríguez

Aviadoras, navegantes, arqueólogas, motoristas, trotamundos, zoológas, naturalistas, xornalistas, pilotos, cosmonautas, alpinistas. . . Este álbum ilustrado recolle as historias de casi unha vintena de mulleres de todo o mundo que se fixeron famosas por atreverse a soñar o imposible. . . e conseguilo!

929 AMA niñ

Mujeres - Biografías ; Educar na igualdade

AMARELO (12-14 ANOS)



840 ARQ vir

Virginia en su habitación / Neus Arqués ; ilustraciones de Gemma Capdevila
Alzira (Valencia) : Algar, 2019

Foi escritora e foi feminista. E foi escritora porque foi feminista. O quizais ao revés. Sexa como sexa, Virginia Woolf tense convertido nunha icona da loita polos dereitos da muller, aparecendo aquí e alá en camisetas, carteis e murais. Pero quen foi realmente? De onde xurdiron a forza das súas ideas e a inspiración da súa literatura? escoita a voz de Virginia Woolf e acompañaa á súa habitación. . .

Woolf, Virginia (1882-1941) ; Mulleres Biografías



845 ATW tre

Tres historias extravagantes / Margaret Atwood ; ilustraciones de Dušan Petričić ; traducción de Marcelo E. Mazzanti
[Barcelona] : Duomo, D. L. 2020

As inxeniosas historias desta experta narradora de contos divertirán aos lectores de todas as idades mentras se lles traba a lingua con tantas aliteracións.

Xogos de palabras - Contos ; Humor



**87-MAN TSU mad
(9)**

Made in abyss / Akihito Tsukushi
Barcelona : Ivrea, 2017-

O Abismo ao que fai referencia o título, é unha xigantesca cavidade redonda nunha illa. Dentro deste foso infinito hai un sistema de túneles e covas, en gran parte inexploradas, habitado por criaturas fantásticas e repleto de reliquias cuxo orixe se descoñece.

Cómic manga



91 RIC die

10 grandes rutas del mundo / Guillian Richardson ; ilustraciones de Kim Rosen ; traducción del inglés de Julio Hermoso
Madrid : Siruela, 2018

Unha sorprendente viaxe por dez roteiros que, máis longas ou máis curtas e en diferentes épocas, deron forma ao mundo que coñecemos hoxe.

**Viaxes - Libros infantís e xuvenís;
Historia - Libros infantís e xuvenís**



87-MAN ITA bea
(15)

Beastars / Paru Itagaki ; [traducción Marc Bernabé]
Asturias : Milky Way, 2019

Legoshi, un gran lobo gris, é un estudante tímido e tranquilo da Academia Cherryton, onde vive con varios estudantes carnívoros, incluído o seu amigo labrador, Jack. Como membro do club de teatro da escola, Legoshi traballa como escenógrafo e apoia aos actores do club, encabezados polo alumno estrela Rouis, un cervo vermello. Pero de súpeto, Tem a alpaca é brutalmente asasinada e devorada na noite, creando unha onda de inquietude e desconfianza entre estudantes herbívoros e carnívoros.

Cómic manga



842 COU ult

La última grulla de papel / Kerry Drewery ; traducción de Zulema Couso
Barcelona : Bambú, 2020

1945, Hiroshima. Ichiro está na casa do seu mellor amigo, Hiro, cando lanzan a bomba. No medio da devastación, os dous mozos atopan a Keiko, a irmá pequena de Hiro. Os tres buscan axuda, pero as feridas de Hiro non lle permiten seguir adiante e o seu amigo Ichiro ofrécese para facerse cargo da nena. Setenta anos despues, os recordos e unha promesa rota perseguen os últimos anos de vida do vello Ichiro.

**Guerra mundial, 1914-1918 - Novelas ;
Supervivencia - Novelas ; Amizade - Novelas ;
Xapón - Novelas ; Hiroshima - Novelas**




846 BRA woo (1)

La transformación de Carag / Katja Brandis ; ilustraciones, Claudia Carls ; traducido por María Alfonso Seisdedos
Zaragoza : Edelvives, 2020

Tras o brillo dos ollos de Carag escóndese un secreto milenario : é un metamórfico. Creceu como puma, pero agora vive entre os humanos como un mozo calquera. Non é fácil a vida urbana para seres como el. Por iso, sente alivio cando descobre un internado onde educan aos seus semellantes. Que é realmente Carag? Humano ou besta?

Maxia - Novelas ; Escolas - Novelas ; Amizade - Novelas ; Seres fantásticos - Novelas ; Fantasía



844 YAÑ mis

O misterio de Portomarín / Antía Yáñez ; ilustracións Kristina Sabaite
Vigo : Galaxia, 2016 ([Mos] : Obradoiro Gráfico)

Mais por unha serie de casualidades van ter que investigar un misterio que todos coidaban esquecido como a vila que descansa debaixo das augas do encoro. Durante séculos aquela vila anegada tivo os seus (terribles) segredos ben gardados. Mais agora van saír á luz

Irmáns - Novelas ; Cans - Novelas; Misterio



844 SIE com

Como lágrimas na chuva / Jordi Sierra i Fabra ; tradución, Xesús Domínguez Dono

Vigo : Galaxia, 2021

Grace é unha adolescente que coida da tumba do seu pai, Leo Calvert, unha lenda da música falecido nun estraño accidente uns anos antes, e á que acoden en peregrinación fans de todo tipo. Un deles, Norman, crúzase no camiño da moza e desata nela un remuíño de preguntas sen resposta ao redor da morte do pai e das cancións que deixou gravadas, gardadas no soto da súa casa,

Rock and roll - Novelas ; Amizade - Novelas; Misterio



Blanco de tigre / Andrés Guerrero
Madrid : SM, 2019

"Esta historia pasou hai moitos anos. Tantos que hoxe ninguén fala dela. Aqueles que aínda a lembran, aseguran que foi tan só unha lenda de tantas que se fraguaron no máis recóndito da selva. Pero non o é. Nunca o foi. Un día, o azar quixo que o destino da miña irmá Duna se cruzase co do tigre branco. E xuntos atoparon o seu lugar. "

843 GUE bla

**Selvas - Novelas ; Relacións familiares - Novelas;
Relacións animais-nenas - Novelas ; Aventuras**



Ferreñas & rock and roll : anecdotario sobre músicas galegas : crónica ilustrada das nosas músicas máis senlleiras / [textos e ilustracións,] Laura Romero ; [textos,] Iria Pedreira

Ferreñas e Rock and Roll é un catálogo ilustrado no que se outorga protagonismo a trinta e unha músicas ou formacións integramente femininas que marcaron un antes e un despois tanto nos seus respectivos estilos como no conxunto da música galega.

78 ROM fer

Mulleres na música galega




Los animales por dentro : radiografías del mundo animal / fotografías de Arie van't Riet ; textos de Jan Paul Schutten ; traducción del neerlandés de Gonzalo Fernández Gómez
Madrid : Siruela, D. L. 2020

Este libro revélanos como son algúns animais vistos a través de raios X e de que son capaces.

59 RIE ani

**Anatomía animal - Libros informativos ;
Animais -Libros informativos**



504 PEI ahí

Ahí fuera : guía para descubrir la naturaleza / Maria Ana Peixe Dias ; Inés Teixeira do Rosário ; [ilustracións], Bernardo P. Carvalho
Barcelona : GeoPlaneta, 2016

Aínda que vivamos nunha gran cidade, sempre hai natureza aí fóra : nubes, estrelas, árbores, flores, rocas, praias, aves, reptiles ou mamíferos. Si estamos atentos, a natureza pode estar moi preto, preparada para sorprendernos coa súa beleza e con todas as preguntas que fai que nos suscitemos.

Natureza - Guías ; Animais - Guías



85 MON ana

Ana, la de Tejas Verdes / Lucy Maud Montgomery ; ilustrado por Antonio Lorente ; traducido por José García Díaz ; epílogo de Margaret Atwood
Zaragoza : Edelvives, 2020

A vida de Ana Shirley, orfa desde os dous anos, nunca foi fácil, pero un inesperado erro levaraa a atopar o fogar que nunca tivo xunto aos irmáns Cuthbert na súa granxa de Tellas Verdes. Xa entrados en anos, os Cuthbert esperaban recibir do orfanato a un mozo que aliviase o peso das labores agrícolas, pero no seu lugar chegou Ana. Tras o rexeitamento inicial, ambos quedan fascinados pola viva imaxinación desta nena de 11 anos e a riqueza da súa personalidade.

Orfos - Novelas ; Relacións familiares - Novelas ; Amizade - Novelas ; Ana de las tejas verdes (Personaxe de ficción) ; Clásicos e populares